



Guía Docente

| Datos Identificativos | | | | |
|---------------------------|--|---------------------------|----------------------|----------|
| Asignatura (*) | Aprendizaxe e Ensino da Historia e as Ciencias Sociais | Código | 2023/24 652604421 | |
| Titulación | | | | |
| Descriptorios | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos |
| Mestrado Oficial | Anual | Primeiro | Obrigatoria | 6 |
| Idioma | Galego | | | |
| Modalidade docente | Presencial | | | |
| Prerrequisitos | | | | |
| Departamento | Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación | | | |
| Coordinación | Casás Salgado, Rafael Carlos | Correo electrónico | rafael.casas@udc.es | |
| Profesorado | Casás Salgado, Rafael Carlos | Correo electrónico | rafael.casas@udc.es | |
| Web | https://pdi.udc.es/es/File/Pdi/F57DK | | | |
| Descrición xeral | Na presente materia abordarase a Historia como disciplina escolar e os seus eixos estruturantes; así como as finalidades do ensino da Historia, a educación para a cidadanía, o coñecimento do feito relixioso e a espiritualidade ao longo do tempo, nos seus distintos contextos, e os factos económicos. Para alén das dificultades dos contidos históricos para o estudiantado de Educación Secundaria | | | |

Competencias / Resultados do título

| Código | Competencias / Resultados do título |
|--------|-------------------------------------|
|--------|-------------------------------------|

Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe | Competencias / Resultados do título |
|---------------------------|-------------------------------------|
|---------------------------|-------------------------------------|



| | | | |
|---|------|-----|-----|
| -Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización. | AP1 | BP1 | CP1 |
| -Coñecer os contidos que se cursan nas respectivas ensinanzas. | AP2 | BP2 | CP3 |
| -Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas. | AP3 | BP3 | CP4 |
| -Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes. | AP4 | BP4 | CP6 |
| -Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo. | AP5 | BP5 | CP7 |
| -Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos. | AP6 | BP6 | CP8 |
| -Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as achegas das e dos estudantes. | AP7 | BP8 | |
| -Integrar a formación en comunicación audiovisual e multimedia no proceso de ensino-aprendizaxe. | AP8 | | |
| -Coñecer estratexias e procedimentos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulamentación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo. | AP9 | | |
| -Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada. | AP10 | | |
| -Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación empregando indicadores de calidade. | AP11 | | |
| -Identificar os problemas relativos ao ensino e aprendizaxe das materias da especialización e propor alternativas e solucións. | AP12 | | |
| -Identificar os problemas relativos ao ensino e aprendizaxe das materias da especialización e propor alternativas e solucións. | AP13 | | |
| -Respetar e promover os dereitos humanos, os valores da cultura da paz e dos valores democráticos, e o recoñecemento dos principios e fundamentos da atención á diversidade. | AP14 | | |
| -Acreditar un bon uso da expresión oral e escrita na práctica docente. | AP19 | | |
| -Coñecer as características dos estudantes, os seus contextos sociais e motivacións. | | | |
| -Comprender o desenvolvemento da personalidade de estes estudantes e as posibles disfuncións que afectan á aprendizaxe. | | | |
| -Elaborar propostas baseadas na adquisición de coñecimentos, destrezas e aptitudes intelectuais e emocionais. | | | |
| -Identificar e planificar a resolución de situacións educativas que afectan a estudantes con diferentes capacidades e ritmos de aprendizaxes. | | | |
| -Coñecer os procesos de interacción e comunicación na aula e no centro, abordar e resolver posibles problemas. | | | |
| -Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país. | | | |
| -Promover accións de educación emocional, en valores e formación cidadá. | | | |
| -Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da Comunidade Autónoma. | | | |
| -Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida. | | | |
| -Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. | | | |
| -Valorar críticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse. | | | |
| -Asumir como profesional e cidadán/cidadá a importancia da aprendizaxe ao longo da vida. | | | |
| -Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade. | | | |

| Contidos | |
|---|---|
| Temas | Subtemas |
| Tema 1. Introducción á didáctica da Historia. | <ul style="list-style-type: none"> - A Historia como disciplina escolar: eixos estruturantes. - Finalidades do ensino da Historia e a educación para a cidadanía. - Dificultades dos contidos históricos para os estudantes de Educación Secundaria e Bacharelato. |



| | |
|--|---|
| Tema 2. Estratexias e recursos didácticos para a ensino-aprendizaxe da Historia. | <ul style="list-style-type: none"> - Selección, organización e secuenciación dos contidos históricos. - Estratexias de ensino-aprendizaxe e a súa relación cos distintos modelos didácticos. <p>Diferentes tipos de actividades.</p> <ul style="list-style-type: none"> - Recursos didácticos e experiencias de aprendizaxe no ensino da Historia. |
| Tema 3. Elaboración de propostas didácticas de Historia para a Educación Secundaria Obrigatoria e o Bacharelato. | <ul style="list-style-type: none"> - Criterios de selección e elaboración de materiais educativos. - A avaliación dos contidos históricos. Criterios e instrumentos de avaliación. - Como realizar propostas didácticas de Historia. |

| Planificación | | | | |
|-------------------------------|---|---|-------------------------|--------------|
| Metodoloxías / probas | Competencias / Resultados | Horas lectivas (presenciais e virtuais) | Horas traballo autónomo | Horas totais |
| Análise de fontes documentais | A12 A13 A14 B1 C1 C4 C7 | 4 | 10 | 14 |
| Traballos tutelados | A1 A8 A9 A19 B3 B4 C3 C6 C8 | 6 | 15 | 21 |
| Aprendizaxe colaborativa | A1 A8 A11 A12 A14 B2 B5 | 12 | 13 | 25 |
| Discusión dirixida | A12 A13 A14 A19 B8 C4 C7 | 1 | 2 | 3 |
| Presentación oral | A19 B3 C1 C4 C6 C7 | 2 | 15 | 17 |
| Sesión maxistral | B1 B3 B4 B5 C4 C6 | 21 | 10 | 31 |
| Actividades iniciais | A1 A2 A3 A4 A5 A6 A7 A10 A11 A12 A13 A14 B6 | 2 | 25 | 27 |
| Atención personalizada | | 12 | 0 | 12 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Análise de fontes documentais | Actividades que se realizarán ao longo da materia onde se analizarán diferentes fontes documentais. Fundamentalmente artigos de investigación sobre Historia e a súa función social, Didáctica da Historia e as Ciencias Sociais desde unha perspectiva crítica. |
| Traballos tutelados | Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma do alumnado, consistirá na formulación e desenvolvemento dunha investigación ou innovación propia do campo da Didáctica da Historia e das Ciencias Sociais. |
| Aprendizaxe colaborativa | Traballo en grupo de forma colaborativa coa axuda do profesor orientada fundamentalmente ao desenvolvemento do traballo tutelado. |
| Discusión dirixida | Reflexión e discusión en grupo, coa axuda do profesor, orientada fundamentalmente á comprensión da materia e a súa natureza e potencialidades. |
| Presentación oral | Como resultado do traballo tutelado presentarase na aula os obxectivos e resultados principais do mesmo. |
| Sesión maxistral | Mediante as sesións maxistras traballaranse os contidos que conforman o marco teórico-práctico a partir da exposición oral, guiada co uso de presentacións, de medios audiovisuais e coa introdución de cuestións dirixidas ao alumnado coa finalidade de favorecer a aprendizaxe e a construción do coñecemento. Realizarase unha exposición xeral introdutoria de cada un dos distintos temas de que consta o programa, indicando os aspectos que o alumnado debe ampliar co seu traballo persoal, coas oportunas orientacións bibliográficas. Tendo en conta que esta materia se vai impartir seguindo un modelo híbrido, existe a posibilidade de que estas sesións maxistras sexan gravadas e postas a disposición do alumnado a través da Moodle da materia, dependendo do contexto sanitario provocado pola COVID-19. |
| Actividades iniciais | Metodoloxía centrada en familiarizar ao alumnado coa aprendizaxe e ensino da Historia e as Ciencias Sociais. |

Atención personalizada



| Metodoloxías | Descrición |
|--|---|
| Sesión maxistral Actividades iniciais Análise de fontes documentais Traballos tutelados Aprendizaxe colaborativa | Os traballos de tarefas de aula terán un seguimento personalizado para garantir o cumprimento dos obxectivos e prazos así como para resolver dúbidas. |

| Avaliación | | | |
|-------------------------------|-----------------------------|---|---------------|
| Metodoloxías | Competencias / Resultados | Descrición | Cualificación |
| Análise de fontes documentais | A12 A13 A14 B1 C1 C4 C7 | Analizarase criticamente e reflexionarase sobre documentación repartida na aula. | 10 |
| Traballos tutelados | A1 A8 A9 A19 B3 B4 C3 C6 C8 | A aprendizaxe de metodoloxías para a súa aplicación didáctica concretarase na elaboración dun estudo ou traballo acerca dalgunha das temáticas consideradas no espectro dos espazos culturais. O alumnado seleccionará un tema, formulará os obxectivos, realizará unha xustificación, desenvolverá a metodoloxía idónea, resolverá o tema e/ou proposta e obterá as conclusións pertinentes. | 40 |
| Aprendizaxe colaborativa | A1 A8 A11 A12 A14 B2 B5 | Actividades que promovan o traballo en pequenos grupos: intercambio de información, discusións, postas en común, toma de decisións, comprensión do grupo como unha tarefa única. | 20 |
| Discusión dirixida | A12 A13 A14 A19 B8 C4 C7 | Os textos e temas que se traballen na aula serán obxecto, puntualmente, de discusión dirixida na aula. facilitando a adquisición das destrezas explicativas fundamentais para o desenvolvemento da profesión de profesor/a. | 15 |
| Presentación oral | A19 B3 C1 C4 C6 C7 | Os traballos de pequeno grupo serán obxecto de exposición na aula, xa que facilitan a adquisición das destrezas explicativas fundamentais para o desenvolvemento da profesión de mestres/as. | 15 |

Observacións avaliación



- Na avaliación terase en conta a participación e dedicación á materia, tanto na aula como nas actividades realizadas fóra da mesma.
- O alumnado que non supere a avaliación continua a partir das metodoloxías presentes na materia ou asista a menos do 80% das sesións terá que superar unha proba obxectiva.
- Nos traballos a realizar o plaxio e a utilización de material non orixinal, incluído aquel obtido a través da Internet, sen indicación expresa da súa procedencia e, se é ou caso, ou permiso do seu autor/a, poderá ser considerada causa de cualificación de suspenso na actividade. Todo iso sen prexuízo das responsabilidades disciplinarias ás que puidese haber lugar tras o correspondente procedemento. Igualmente, será imprescindíbel a corrección lingüística á hora de dar por superados os devanditos traballos.
- A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con ?suspenso? (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario.

Alumnado con recoñecemento de dispensa académica

Segundo o establecido na " NORMA QUE REGULA O RÉXIME DE DEDICACIÓN AO ESTUDO E A PERMANENCIA E A PROGRESIÓN DOS ESTUDANTES DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO NA UNIVERSIDADE DA CORUÑA (aprobada polo Consello Social do 04/05/2017):

1. Deberá poñelo en coñecemento do docente na primeira semana de clase, ou, se isto non fora posible, nun prazo non superior a 7 días desde que lle fora concedido o recoñecemento.
2. Terán que realizar, individualmente, todas as actividades/traballos propostos ao longo do curso e entregalos nas datas establecidas polo docente. Se non se cumpre a entrega na data sinalada considerarase ?Non presentado?.
3. A cualificación será a media ponderada das notas das actividades e traballos realizados durante o curso e da nota da proba realizada na data do calendario oficial de exames, debendo obter en cada unha das partes un aprobado (5 sobre 10) para poder superar a materia. No caso de non superar algunha das partes na primeira oportunidade, deberán repetir na segunda oportunidade as partes non aprobadas (actividades/traballos e/ou proba).

Fontes de información

| | |
|------------------------------------|--|
| Bibliografía básica | BIBLIOGRAFÍA BÁSICA-BURKE, P (1994): Formas de hacer historia, Alianza, Madrid.-CARRETERO, M ET ALII (1989): La enseñanza de las Ciencias Sociales.Madrid. Visor.-FERNÁNDEZ VALENCIA, A. (coor, 2001): Las mujeres en la enseñanza de las Ciencias Sociales. Madrid. Síntesis,-HERNÁNDEZ SANDOICA, E. (1995):Los caminos de la historia.Madrid. Síntesis.-HERNÁNDEZ SANDOICA, E. (2004):Tendencias historiográficas actuales. Escribir Hª de hoy. Madrid. Akal.-PLUCKROSE, (1993): Enseñanza y aprendizaje de la historia. Madrid. Morata.-UBIETO,A. (1988): El entorno, lo que nos rodea, como fuente histórica y materia de estudio.ICE de la Universidad de Zaragoza. |
| Bibliografía complementaria | |

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



Segundo se

recolle nas distintas normativas de aplicación para a docencia universitaria deberase incorporar a perspectiva de xénero nesta materia (usarase linguaxe non sexista, utilizarase bibliografía de autores/as de ambos sexos, propiciarse a intervención en clase de alumnos e alumnas...). Traballarase para identificar e modificar prexuízos e actitudes sexistas e influirase na contorna para modificalos e fomentar valores de respecto e igualdade. Deberanse detectar situacións de discriminación por razón de xénero e proporanse accións e medidas para corrixilas.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías